

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONSELLO EVANXÉLICO DE GALICIA, PARA A ASISTENCIA RELIXIOSA EVANXÉLICA NAS INSTITUCIÓNS HOSPITALARIAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Santiago de Compostela, a 8 de novembro de 2022

### REUNIDOS:

**Dunha parte**, D. Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, actuando en representación do organismo autónomo, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; e no Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

**E doutra parte**, D. Germán Collazo Fernández, na súa condición de secretario executivo do Consello Evanxélico de Galicia (CEG), de conformidade coas atribucións conferidas nos estatutos da entidade.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense a capacidade necesaria para subscribir o presente convenio e para tal efecto

### MANIFESTAN:

I.- No artigo 16 da Constitución garántense a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto, como dereitos intimamente vencellados ao libre desenvolvemento da personalidade.

A liberdade relixiosa regulouse mediante a Lei Orgánica 7/1980, de 5 de xullo, desenvolvida polo Real Decreto 142/1981, de 9 de xaneiro, sobre organización e funcionamento do Rexistro de Entidades Relixiosas, e o Real Decreto 1980/1981, de 19 de xuño, sobre constitución da Comisión Asesora de Liberdade Relixiosa.

No artigo 1 da citada Lei orgánica 7/1980, establécese que o Estado garante o dereito fundamental á liberdade relixiosa e de culto, recoñecida na Constitución, de acordo co

previsto na propia lei orgánica.

Esta liberdade abrangue o dereito a practicar os actos de culto e recibir asistencia relixiosa da propia confesión. Para tal efecto, o parágrafo terceiro do artigo 2 da Lei orgánica 7/1980, do 5 de xullo, determina que para a aplicación real e efectiva destes dereitos, os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para facilitar a asistencia relixiosa nos establecementos públicos, hospitalarios, ou asistenciais, e outros baixo a súa dependencia.

O exercicio dos dereitos dimanantes da liberdade relixiosa e de culto ten como único límite a protección do dereito dos demais ao exercicio das súas liberdades públicas e dereitos fundamentais, así como a salvagarda da seguridade, da saúde e da moralidade pública, elementos constitutivos da orde pública protexida pola lei no ámbito dunha sociedade democrática.

II.- O artigo sétimo da Lei Orgánica 7/1980, de 5 de xullo, de liberdade relixiosa, prevé que o Estado, tendo en conta as crenzas relixiosas existentes na sociedade española, establecerá, no seu caso, acordos ou convenios de cooperación coas igrexas, confesións e comunidades relixiosas inscritas no Rexistro que polo seu ámbito e número de crentes teñan acadado notorio arraigo en España. En todo caso, estes acordos aprobaranse por lei das Cortes Xerais.

Así, pola Lei 24/1992, de 10 de novembro, aprobose o Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España.

O artigo 9 deste acordo determina que queda garantido o exercicio do dereito á asistencia relixiosa dos internados en centros ou establecementos hospitalarios, asistenciais ou outros análogos do sector público, proporcionada polos/as ministros/as de culto que designen as Igrexas respectivas, coa conformidade da FERED, e debidamente autorizados/as polos centros ou establecementos públicos correspondentes.

O acceso de tales ministros/as aos centros mencionados é, a tal fin, libre e sen limitación de horario. En todo caso, a asistencia relixiosa prestarase co debido respecto ao principio de liberdade relixiosa e con observancia das normas de organización e réxime interno dos centros.

Os gastos que o desenvolvemento da mencionada asistencia espiritual orixine, correrán a

cargo das Igrexas pertencentes á FEREDE, sen prexuízo da utilización dos locais que, a tal fin, existan no centro correspondente.

Por outra banda, o artigo 4 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, establece que o dereito á protección da saúde e á atención sanitaria garántese con pleno respecto á personalidade, dignidade e intimidade, sen ningunha discriminación por razón de raza, sexo, relixión, opinión, idioma, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

III.- Existen antecedentes da colaboración establecida entre as partes asinantes co obxecto de posibilitar a implantación e efectividade do dereito á liberdade relixiosa.

Así, podemos citar o Convenio marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello Evanxélico de Galicia, de data 5 de abril de 2000, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 77, do 19 de abril, como fito do establecemento dunha canle permanente de diálogo e coordinación en diferentes ámbitos (institucional, cultural, social e educativo).

Ambas partes están interesadas no establecemento dunha colaboración que materialice e garanta o dereito á liberdade relixiosa dos pacientes evanxélicos ingresados en centros hospitalarios no Sistema Público de Saúde de Galicia, para o cal subscriben o presente convenio que someten ás seguintes

## **ESTIPULACIÓNS:**

### **Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación.**

Constitúe o obxecto do presente convenio posibilitar o desenvolvemento das funcións de culto ou asistencia relixiosa, por parte de ministros/as designados/as polo Consello Evanxélico de Galicia (CEG), a pacientes ingresados en centros hospitalarios do Sistema Público de Saúde de Galicia que así o soliciten.

Deste xeito, garántese o exercicio do dereito á asistencia relixiosa das persoas internadas en centros hospitalarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, proporcionada polos ministros/as de culto que designe o Consello Evanxélico de Galicia, e debidamente autorizados/as polos centros ou establecementos públicos correspondentes.

## **Segunda. Servizo de asistencia relixiosa evanxélica.**

De conformidade co previsto no artigo 6 do Acordo de Cooperación do Estado coa Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España, entenderase por “funcións de culto ou asistencia relixiosa as dirixidas directamente ao exercicio do culto, administración de Sacramentos, cura de almas, predicación do Evanxeo e maxisterio relixioso.”

Tal como determina o artigo 9 do citado Acordo de cooperación:

- O acceso dos/as ministros/as aos centros mencionados será, a tal fin, libre e sen limitación de horario.
- En todo caso, a asistencia relixiosa prestarase co debido respecto ao principio de liberdade relixiosa e con plena observancia das normas de organización e réxime interno dos centros, sen que en ningún caso poida interferir coa actividade asistencial.
- Os gastos que o desenvolvemento da mencionada asistencia espiritual orixine, correrán a cargo das Igrexas pertencentes á CEG, sen prexuízo da utilización dos locais ou espazos que, a tal fin, existan no centro hospitalario correspondente.

## **Terceira. Compromisos asumidos polo Consello Evanxélico de Galicia.**

Por virtude do presente convenio, o Consello Evanxélico de Galicia asume os seguintes compromisos:

- a) Designar e cesar aos/ás ministros/as que vaian a prestar a asistencia relixiosa, nos termos indicados anteriormente, en cada centro hospitalario.

Para tal efecto, asume o compromiso de elaborar e manter actualizada unha listaxe de ministros/as recoñecidos, e dos centros hospitalarios nos que desenvolverán os seus servizos. Cada centro hospitalario terá designado un ministro/a titular e outro/a suplente.

O Consello Evanxélico de Galicia comunicará á respectiva xerencia da área sanitaria, o/a ministros/as designados/as, así como os cambios e variacións que se produzan, para os efectos da acreditación destes/as.

- b) Velar por que a asistencia relixiosa se preste co debido respecto ao principio de liberdade

relixiosa e con plena observancia das normas de organización e réxime interno dos centros, sen que en ningún caso poida interferir coa actividade asistencial, así como de xeito compatible co tempo e espazo asignados aos servizos doutras confesións. Para tal efecto, dará as oportunas instrucións aos seus ministros/as, co obxecto de garantir a non interferencia da asistencia relixiosa coa sanitaria ou asistencial.

c) Asumir os gastos que o desenvolvemento da mencionada asistencia espiritual orixine, que correrán a cargo das Igrexas pertencentes á CEG, sen prexuízo da utilización dos locais ou espazos que, a tal fin, existan no centro hospitalario correspondente.

#### **Cuarta. Compromisos asumidos polo Servizo Galego de Saúde.**

Por virtude do presente convenio, o Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

a) Garantir que o acceso dos/as ministros/as designados aos centros hospitalarios sexa libre e sen limitación de horario. Non obstante, o centro poderá ordenar ou regular os accesos por motivos de saúde ou seguridade, cando existan motivos que o aconsellen ou condicionen.

Cada ministro/a designado, disporá dunha tarxeta acreditativa da súa condición e labor.

b) Velar por que a asistencia relixiosa se preste co debido respecto ao principio de liberdade relixiosa e con plena observancia das normas de organización e réxime interno dos centros, sen que en ningún caso poida interferir coa actividade asistencial, e de xeito compatible co tempo e espazo asignados aos servizos doutras confesións. Para tal efecto, dará as oportunas instrucións ao seu persoal, co obxecto de garantir a non interferencia entre a asistencia relixiosa e a sanitaria ou asistencial.

En caso de interferencia ou incumprimento das normas de organización e réxime interno do centro por parte do/a ministro/a designado/a, a Xerencia da área sanitaria poderá instar ó seu cesamento ou substitución, previa audiencia ao Consello Evanxélico de Galicia.

c) Habilitar os espazos necesarios para a prestación da asistencia relixiosa. Para tal efecto, a dirección do respectivo centro hospitalario porá so dispor do/a ministro/a designado/a:

- Un lugar de culto ou capela, que poderá ser de uso compartido con outras confesións, en

horarios compatibles, debidamente sinalizado e accesible a calquera paciente. No caso de uso compartido, a dirección do centro velará porque non exista predominio de símbolos dunha confesión determinada, de xeito que poida acoller un uso multiconfesional.

- Un espazo de despacho, que poderá ser de uso compartido con outras confesións en horarios compatibles, cos elementos necesarios (mesa, cadeiras, armario, ordenador, impresora, teléfono), que só se poderán adicar a tarefas propias do servizo espiritual no centro hospitalario.

#### **Quinta. Ausencia de relación contractual ou de servizo.**

O desenvolvemento do labor asignado aos/ás ministros/as designados, non suporá en ningún caso a existencia dunha relación contractual ou de prestación de servizos respecto do Servizo Galego de Saúde, polo que non se poderá esixir a este ningunha responsabilidade (nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria) como consecuencia da realización da asistencia espiritual que constitúe o obxecto deste convenio.

#### **Sexta. Financiamento.**

A sinatura do presente convenio non supón, en por él, compromiso económico para as institucións asinantes e non se precisa consignación orzamentaria específica.

#### **Sétima. Comisión Mixta de Seguimento.**

Para o seguimento do presente convenio constituirase unha comisión mixta formada polas seguintes persoas

- Dúas persoas en representación do Servizo Galego de Saúde, unha das cales exercerá a presidencia da comisión.

- Dúas persoas en representación do Consello Evanxélico de Galicia (CEG)

Á Comisión correspóndenlle as seguintes funcións:

- Velar polo adecuado desenvolvemento dos compromisos acordados.

- Resolver as dúbidas ou diferenzas que xurdan na interpretación ou execución dos

compromisos conveniados.

- Propoñer medidas que redunden en beneficio da consecución do obxecto do convenio.
- Propoñer as modificacións pertinentes sobre as estipulacións pactadas.
- Debater sobre as incidencias que xurdan durante a vixencia do convenio.

A comisión reunirse, con carácter ordinario unha vez ao ano, previa convocatoria. Con carácter extraordinario poderase reunir sempre que o solicite calquera das partes asinantes.

#### **Oitava. Vixencia.**

O presente Convenio producirá efectos desde a data da súa firma e manterá a súa vixencia por un período de 2 anos, podendo ser prorrogado por mutuo acordo das partes asinantes antes da data da súa finalización, sen que en ningún momento o período de vixencia poida superar o límite de oito anos establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluída a súa prórroga.

#### **Novena. Modificación e resolución.**

Este convenio é susceptible de modificación por acordo das partes, que se formalizará mediante a correspondente adenda.

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O acordo das partes asinantes.
- O transcurso do prazo de vixencia do Convenio ou das súas prórrogas.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera parte poderá formular á parte incumpridora un requirimento para que cumpra coas obrigas ou compromisos asumidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de seguimento do Convenio.
- Por resolución xudicial.
- A denuncia expresa do Convenio manifestada por calquera das partes con dous meses de

antelación.

- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nunha disposición de carácter xeral que sexa de aplicación ao obxecto do convenio.

No caso de que calquera das partes decida denunciar este convenio deberá anunciálo á outra con ao menos dous meses de antelación.

A Comisión de Seguimento continuará en funcións e será a encargada de resolver as cuestións que puideran plantexarse en relación coas actuacións en curso ou derivadas do convenio e, así mesmo, para o caso de producirse a extinción, ata que se resolvan as cuestións pendentes

#### **Décima. Natureza xurídica e xurisdición.**

O presente convenio ten natureza administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consello de 26 de febreiro de 2014, segundo o establecido no artigo 6.1 da citada lei. As dúbidas que se presenten na súa interpretación e execución serán resoltas pola Comisión de seguimento.

As partes quedan suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidera xurdir na aplicación do mesmo.

#### **Décimo primeira. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno.**

Este convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos Arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica para incluír e facer públicos

os datos e calquera outras especificacións referidos ao presente convenio nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste convenio de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

E en proba de conformidade, as persoas representantes das entidades asinan o presente Convenio en dous exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Polo Servizo Galego de Saúde

Polo Consello Evanxélico de Galicia

Julio García Comesaña.

Germán Collazo Fernández.